# III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

## CONSELLERÍA DE FACENDA

*Orde do 30 de setembro de 2009 pola que se modifica a Orde do 16 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan para 2008 e 2009 as axudas aos traballadores residentes en Galicia para a contratación dun seguro de pagamentos protexidos.*

O día 24 de decembro de 2008 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* a Orde do 16 de decembro de 2008 pola que se establecían as bases reguladoras e se convocaban para 2008 e 2009 as axudas aos traballadores residentes en Galicia para a contratación dun seguro de pagamentos protexidos.

Segundo o previsto no artigo 19º da orde, as axudas reguladas nela financiaríanse con cargo á aplicación orzamentaria 0705.621A.480.0 cun crédito plurianual por un importe de 500.000 euros para o exercicio 2008 e de 9.500.000 euros para o exercicio 2009. Actualmente a partida orzamentaria denomínase 4205.621A.480.0.

Tendo en conta que o número de solicitudes de axudas presentado resulta moi inferior ás previsións iniciais, procede modificar o dito artigo 19º co fin de adaptar o importe orzado ás previsións actualizadas das axudas a pagar ata o final do ano 2009, permitindo, ademais, a utilización dos fondos liberados para financiar determinadas actuacións do Plan de medidas de actuación urxente fronte á crise económica.

Por todo o exposto, e facendo uso das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

*DISPOÑO:*

Artigo único.-Modifícase o artigo 19 da Orde do 16 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan para 2008 e 2009 as axudas aos traballadores residentes en Galicia para a contratación dun seguro de pagamentos protexidos, que quedan redactado do seguinte xeito:

«Artigo 19º.-*Dotación orzamentaria.*

As axudas reguladas nesta orde financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 4205.621A.480.0 por un importe de 500.000 € para o exercicio 2009. O dito crédito, á vista das solicitudes presentadas, poderá ser modificado e/ou ampliado pola Consellería de Economía e Facenda, do cal se dará a correspondente publicidade no *Diario Oficial de Galicia*.

Polo menos o 20% dos créditos orzamentarios destinaranse a axudas para o pagamento de pólizas de seguros correspondentes a préstamos hipotecarios para a adquisición de vivendas protexidas.»

*Disposición derradeira*

Única.-Entrada en vigor.

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2009.

Marta Fernández Currás
Conselleira de Facenda

## CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

*Orde do 21 de setembro de 2009 pola que se modifica a Orde do 19 de setembro de 2008, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan para 2008 axudas ás comunidades de propietarios, en réxime de concorrencia competitiva, para a reparación, rehabilitación e adaptación de edificios de vivendas de protección oficial de promoción pública.*

O 29 de setembro de 2008, publicouse no DOG a orde da Consellería de Vivenda e Solo do 19 de setembro de 2008, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan para o 2008 axudas ás comunidades de propietarios, en réxime de concorrencia competitiva, para a reparación, rehabilitación e adaptación de edificios de vivendas de protección oficial de promoción pública.

O Decreto 83/2009, do 21 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia, adscribe o Instituto Galego da Vivenda e Solo á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

O Decreto 317/2009, do 4 de xuño, establece a estrutura orgánica do IGVS. De conformidade co artigo 1 do dito decreto correspóndelle ao IGVS a realización das políticas de vivenda e solo da Xunta de Galicia.

A citada orde, no seu artigo 31, establece, para estas axudas, un importe total dispoñible para o exercicio 2008, de 123.853,62€, 2.500.000 € para o exercicio 2009 e 800.000 € para o 2010, con cargo á aplicación 17.90.451A.781.0. Así mesmo, establece que excepcionalmente o crédito orzamentario destinado a estas axudas poderá ser incrementado de conformidade co establecido no artigo 31.2º a) e b) da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

En consideración á situación de necesidade urxente de abordar as obras segundo se desprende das memorias e informes e o prazo para desenvolver as obras para as que se solicitan as axudas, que alcanza en moitos casos o ano 2010, estímase a necesida-

de de reaxustar e ampliar os importes previstos na antedita orde.

En consecuencia, ante a existencia de dispoñibilidades orzamentarias que poden ser utilizadas para os mesmos fins, cómpre ampliar e reaxustar o importe dos créditos correspondentes, destinados ao financiamento das subvencións que poderán ser concedidas ao abeiro da referida Orde do 19 de setembro de 2008, coa finalidade de facer chegar as ditas subvencións ao maior número de beneficiarios posible.

Por todo o exposto, e no uso das facultades que me foron conferidas,

*DISPOÑO:*

Artigo único.

Modifícase o artigo 31 da orde da Consellería de Vivenda e Solo do 19 de setembro de 2008, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan para o 2008 axudas ás comunidades de propietarios, en réxime de concorrencia competitiva, para a reparación, rehabilitación e adaptación de edificios de vivendas de protección oficial de promoción pública, que queda redactado nos seguintes termos:

Artigo 31º

«Aplicación orzamentaria e contía total máxima das subvencións.

O importe máximo das subvencións reguladas nesta orde para o ano 2009 será de 1.964.000 € e de 2.000.000 € para 2010 e instrumentarase financeiramente con cargo á aplicación 17.90.451A.781.00 do orzamento do IGVS.

Excepcionalmente, o crédito orzamentario destinado a estas axudas poderá ser incrementado de conformidade co establecido no artigo 31.2º a) e b) da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

Esta modificación non afecta o prazo establecido na referida orde para a presentación de solicitudes.

*Disposición derradeira*

Única.

Esta disposición entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*».

Santiago de Compostela, 21 de setembro de 2009.

Agustín Hernández Fernández de Rojas
Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio
e Infraestruturas

*Resolución do 17 de xuño de 2009, da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, sobre aprobación definitiva do proxecto de delimitación do solo do núcleo rural das Ratoeiras, na parroquia das Chás, concello de Montederramo (Ourense).*

O Concello de Montederramo remitiu o expediente de delimitación do núcleo rural das Ratoeiras, tramitado ao abeiro do punto 2 da disposición adicional 2ª da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, (en diante LOUG) solicitando a súa aprobación definitiva.

I. Antecedentes

1. O Concello de Montederramo non dispón de ningún instrumento de planeamento xeral municipal.

2. O expediente foi tramitado de acordo co previsto no inciso terceiro do número 2 da disposición adicional segunda da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, na redacción dada pola Lei 15/2004, e nel constan:

-O sometemento ao trámite de información pública, que se levou a cabo mediante a publicación de anuncios no DOG nº 47, do 9 de marzo de 2009, e nos xornais *La Región*, o 5 de marzo de 2009, e *La Voz de Galicia*, o 6 de marzo de 2009.

-Certificación do secretario municipal do 10 de abril de 2009 no cal se reflicte que no devandito período non se presentaron alegacións.

-Certificado do acordo de aprobación provisional, adoptado polo pleno do concello na súa sesión do 23 de abril de 2009.

II. Consideracións e motivación.

Logo de analizar o expediente remitido polo Concello e á vista do informe elaborado no Servizo de Urbanismo do Departamento Territorial de Ourense, cómpre facer as seguintes consideracións:

1. No proxecto remitido queda xustificada a preexistencia e o recoñecemento do núcleo rural das Ratoeiras.

2. Á vista da ordenación aplicable, a delimitación proposta para o asentamento tradicional é admisible, xa que cumpre os requisitos establecidos no artigo 13.3º da Lei 9/2002. O réxime xurídico aplicable aos terreos incluídos na delimitación será o establecido pola Lei 9/2002 para o solo de núcleo rural; seralle igualmente aplicable, en todo o que non vulnere nin vaia contra o devandito réxime xurídico, o contido da ordenanza do solo non urbanizable de núcleo rural das vixentes normas provinciais.

3. De acordo co punto 2 da disposición adicional segunda da LOUG, (modificada pola Lei 15/2004), e coa Orde do 11 de maio de 2009 sobre adscrición de órganos e delegación de competencias como consecuencia da entrada en vigor do Decreto 83/2009, do 21 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia, a competencia para resolver sobre a aprobación definitiva dos expedientes de delimitación de solo de núcleo rural correspóndelle a secretaría xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo.